

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CAMBRE

##### *Aprobación definitiva da ordenanza fiscal xeral de xestión e recadación dos tributos e outros ingresos de dereito público locais*

De conformidade co establecido no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), o Pleno da corporación do concello de Cambre, en sesión ordinaria do 28 de xullo do 2022, acordou aprobar inicialmente a ordenanza xeral de xestión e recadación dos tributos e outros ingresos de dereito público locais.

Durante o período de exposición ao público non se formularon alegacións, elevándose a definitivo o acordo provisional adoptado, de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo que entrará en vigor a partir do día seguinte á publicación do anuncio da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

De conformidade co artigo 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra dito acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

As ordenanzas fiscais vixentes na actualidade non sinaladas nos acordos precedentes continuarán vixentes ata que non se acorde a súa modificación ou derogación.

O texto íntegro da ordenanza fiscal xeral de xestión e recadación dos tributos e outros ingresos de dereito público locais é o que se transcribe a seguir:

#### **«ORDENANZA FISCAL XERAL DE XESTIÓN E RECADACIÓN DOS TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO LOCAIS**

##### **TÍTULO PRELIMINAR: PRINCIPIOS XERAIS**

###### **Artigo 1. Obxecto**

1.-A presente Ordenanza Xeral, ditada ó abeiro do previsto no artigo 106.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e nos artigos 12.2 e 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ten por obxecto establecer os principios básicos e normas comúns relativas á xestión e recadación dos ingresos que constitúen a Facenda Municipal.

2.-Esta Ordenanza contén as normas comúns que en materia de xestión, liquidación e recadación dos actos tributarios municipais, complementan e desenvolven á Lei reguladora das facendas locais, á Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e demais normas de desenvolvemento das mesmas, así como ás Ordenanzas especificamente reguladoras de cada un dos distintos ingresos de natureza pública, tributaria ou non tributaria

###### **Artigo 2. Ámbito de aplicación**

1. A presente Ordenanza aplicarase na xestión dos ingresos de Dereito público do que a titularidade corresponda ao Concello.

2. Esta Ordenanza, así como as Ordenanzas fiscais, obrigarán no termo municipal de Cambre e aplicaranse de acordo cos principios de residencia efectiva e territorialidade, segundo a natureza do dereito.

###### **Artigo 3. Interpretación das Ordenanzas**

1.- As normas que contén a presente ordenanza interprétanse conforme ao disposto no apartado 1 do artigo 3 do Código civil.

2.- En tanto non se definan pola normativa tributaria, os termos empregados nas súas normas entenderanse conforme ao seu sentido xurídico, técnico ou usual, segundo proceda.

3.-No ámbito das competencias desta corporación, corresponderá ao alcalde ou ao / á tenente de alcalde en quen delegue, a facultade para ditar disposicións interpretativas ou aclaratorias das ordenanzas fiscais.

4.- Non se admitirá a analogía para estender máis alá dos seus termos estritos o ámbito do feito imposable, das exencións e demais beneficios ou incentivos fiscais.

## **TÍTULO I. OS TRIBUTOS**

### **CAPÍTULO I. Os tributos municipais**

#### **Artigo 4. Concepto, fins e clases dos tributos.**

1.- Os tributos propios municipais son os ingresos públicos que consisten en prestacións pecuniarias esixibles polo Concello de Cambre como consecuencia da realización do suposto de feito ao que a lei vincula o deber de contribuír, coa finalidade primordial de obter os ingresos necesarios para o sostemento dos gastos públicos.

2.- Os tributos, calquera que sexa a súa denominación, clasifícanse en taxas, contribucións especiais e impostos.

#### **Artigo 5. Taxas.**

O Concello de Cambre poderá establecer e esixir taxas pola prestación de servizos ou a realización de actividades da súa competencia e pola utilización privativa ou o aproveitamento especial dos bens del dominio público municipal, segundo as normas contidas no texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

#### **Artigo 6. Contribucións especiais**

O Concello de Cambre poderá establecer e esixir contribucións especiais pola realización de obras ou polo establecemento ou ampliación de servizos municipais, segundo as normas contidas no texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

#### **Artigo 7. Impostos.**

1.- O Concello de Cambre esixirá de acordo co texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, as disposicións que a desenvolven e as correspondentes ordenanzas fiscais, os seguintes impostos:

- a) Imposto sobre Bens Inmóbles.
- b) Imposto sobre Actividades Económicas.
- c) Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- d) Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras
- e) Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana

### **CAPÍTULO II. A relación xurídico tributaria.**

#### **Artigo 8. A relación xurídico - tributaria.**

Os elementos da obriga tributaria non poderán ser alterados por actos o convenios dos particulares, que non producirán efectos diante da Administración, sen prexuízo das súas consecuencias xurídico - privadas.

### **CAPÍTULO III. Beneficios fiscais**

#### **Artigo 9. Beneficios fiscais.**

1.- Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

2.- Non obstante, tamén poderán recoñecerse os beneficios fiscais establecidos nas respectivas ordenanzas fiscais, que incluírán, na súa regulación os aspectos substantivos e formais, cos límites e nos supostos expresamente previstos pola lei.

3.- Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada tributo, que terá carácter preferente, nos casos en que o beneficio fiscal se conceda a instancia de parte, a solicitude deberá presentarse:

- a) Cando se trate de tributos periódicos xestionados mediante padrón ou matrícula, no prazo establecido na respectiva ordenanza para a presentación das preceptivas declaracións de alta ou modificación.
- b) Cando se trate de tributos nos que se ten establecido o réxime de autoliquidación, no prazo de presentación da correspondente autoliquidación.
- c) Nos restantes casos, nos prazos de presentación da correspondente declaración tributaria ou ao tempo da presentación da solicitude do permiso ou autorización que determine o nacemento da obriga tributaria, segundo proceda.

4.- Unha vez outorgado, o beneficio fiscal aplicarase nas sucesivas liquidacións en tanto non se alteren as circunstancias de feito ou de dereito que determinaron o seu outorgamento, neste caso estarase ao establecido no apartado seguinte deste artigo.

5.- Terán carácter provisional os actos de concesión ou recoñecemento de beneficios fiscais, que estean condicionados ao cumprimento de certas condicións futuras ou á efectiva concorrencia de determinados requisitos non comprobados no procedemento en que se ditaron. A Administración tributaria municipal poderá comprobar, nun posterior procedemento de aplicación dos tributos, a concorrencia de ditas condicións ou requisitos e, no seu caso, regularizar a situación tributaria do obrigado, sen necesidade de proceder á previa revisión de ditos actos nos termos previstos no título V da Lei Xeral Tributaria.

#### **CAPITULO IV. OBRIGADOS TRIBUTARIOS**

##### **Artigo 10. Domicilio**

1.- Os obrigados tributarios e as persoas ou entidades obrigadas ao pago deben comunicar calquera modificación relativa ao domicilio fiscal mediante declaración expresa para este efecto.

En tanto no sexa efectuada a declaración ou comunicación prevista neste precepto, ten a consideración de domicilio fiscal de cada obrigado tributario ou persoa ou entidade obrigada ao pago o que conste nos correspondentes rexistros fiscais municipais. Para os efectos da eficacia das notificacións estimarase válido o último domicilio declarado.

3.- O incumprimento das obrigas establecidas nos parágrafos anteriores será constitutivo de infracción tributaria.

4.- A Administración tributaria municipal poderá comprobar e rectificar o domicilio fiscal declarado.

5.- Os obrigados tributarios que non residan en España deberán designar un representante con domicilio no territorio español e comunicalo a Administración tributaria municipal.

##### **Artigo 11.- Concorrencia de varios obrigados tributarios.**

A concorrencia de varios obrigados tributarios nun mesmo presuposto dunha obriga, determinará que queden solidariamente obrigados fronte á Administración tributaria local, ao cumprimento de todas as prestacións, salvo que por lei se dispoña expresamente outra cousa.

Cando o Concello só coñeza a identidade dun titular, practicará e notificará as liquidacións tributarias a nome do mesmo, quen se verá obrigado a satisfacelas se non solicita a súa división. Para que proceda a división, será indispensable que o solicitante facilite os datos persoais e o domicilio correcto e completo dos obrigados ao pago, así como a proporción en que cada un deles participe no dominio ou dereito transmitido, mediante comunicación expresa ao efecto, á que deberán acompañar os medios documentais xustificativos da procedencia da división.

Salvo que a normativa reguladora de cada tributo estableza outra cousa, cando se trate de tributos periódicos xestionados mediante padrón, para que a solicitude de división produza efectos, deberase presentar no prazo establecido para a presentación das preceptivas declaracións de alta ou modificación.

Non tratándose de supostos de alta no correspondente padrón, a petición de división terá efectos a partir do seguinte período impositivo a aquel en que se presentou a solicitude.

Nos tributos de natureza instantánea, a solicitude de división, para que produza efectos fronte á Administración provincial, deberá presentarse antes da finalización do prazo para declarar a realización do feito imponible ou, no seu caso, para presentar en prazo a correspondente autoliquidación.

Nos restantes casos, a solicitude de división deberá presentarse nos prazos de presentación da correspondente declaración tributaria.

#### **CAPITULO V. AS NOTIFICACIÓNS EN MATERIA TRIBUTARIA**

##### **Artigo 12.- As notificacións en materia tributaria.**

1.- O réxime de notificacións será o previsto nas normas administrativas xerais, coas especialidades establecidas na Lei Xeral Tributaria e nas demais normas reguladoras dos tributos no ámbito local,

2.- Nos tributos de cobro periódico por recibo, unha vez notificada a liquidación correspondente a alta no respectivo rexistro, padrón ou matrícula, poderán notificarse colectivamente as sucesivas liquidacións, mediante edictos que así o advirtan.

A este efecto, os padróns ou matrículas someteranse, cada período, á aprobación da Alcaldía, ou por delegación á da Concellaría delegada de Facenda e, unha vez aprobados, expóranse ao público durante un prazo de quince días, contados

a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Tamén se publicará o anuncio no taboleiro de edictos municipal.

O aumento de base imponible sobre a resultante das declaracións deberá notificarse ao contribuínte con expresión concreta dos feitos e elementos adicionais que o motiven.

Nos termos establecidos no artigo 102.3 de la Lei Xeral Tributaria, e agás disposición en contrario, non será preciso notificar de xeito individualizado aos obrigados tributarios as variacións que experimenten as bases tributarias como consecuencia de:

- a) modificacións dispostas polas Leis de Presupostos, de Medidas Financeiras e Tributarias, e outras normas de aplicación xeral e obrigatoria no ámbito territorial do Concello de Cambre
- b) as establecidas por Ordenanzas Fiscais Municipais;

3.- Os obrigados tributarios e as persoas ou entidades obrigadas ao pago declarararán, ademais da súa alta e baixa nos correspondentes padróns fiscais e de prezos públicos, calquera modificación na súa situación xurídica ou material da que poida derivarse unha alteración con respecto á suxeición a un tributo ou ingreso de dereito público.

Non obstante o disposto no parágrafo precedente non se esixirá o pago da correspondente débeda cando, aínda non cumprida dita obriga, se demostre que non concorrían as condicións xurídicas ou supostos de feito determinantes da súa esixibilidade. Isto sen prexuízo da imposición da correspondente sanción por incumprimento da obriga establecida anteriormente.

4. No caso de que a primeira liquidación se faga polo procedemento de autoliquidación entenderase que esta substitúe á alta no Padrón ou no Rexistro.

5. As notificacións defectuosas producirán efecto a partir da data na que o interesado realice actuacións que supoñan coñecemento do contido da resolución ou do acto obxecto da notificación, ou interpoñan o recurso procedente.

6. En todo caso, terán efecto polo transcurso de seis meses as notificacións practicadas persoalmente aos suxeitos pasivos que, aínda que conteñan o texto íntegro do acto, omitisen algún outro requisito, agás que se fixese protesta formal dentro deste prazo solicitando que a Administración municipal rectifique a deficiencia.

7. A notificación poderá practicarse no domicilio fiscal do obrigado tributario, no centro de traballo, no lugar en que se desenvolva a actividade económica ou en calquera outro adecuado a tal fin. De tratarse dun procedemento iniciado a solicitude do interesado, a notificación practicarase no lugar sinalado polo obrigado tributario ou, no seu defecto, no domicilio fiscal.

8. Cando non fose posible efectuar a notificación, suposto previsto no artigo 112 da Lei 58/2003, citarase aos obrigados tributarios para ser notificados por comparecencia mediante publicación única no Boletín Oficial da Provincia.

## **CAPITULO VI. A DÉBEDA TRIBUTARIA**

### **Artigo 13. Importe mínimo das liquidacións**

Non se liquidarán cotas inferiores a 6 euros que requiran notificación individual, incluso as que resulten de liquidacións complementarias. Esta limitación non afecta aos xuros producidos en aprazamentos ou fraccionamentos de pago nin aos supostos da pro rata de cotas ou da concesión de beneficios fiscais mediante resolución que deba ser notificada aos interesados.

Tomarase como base para a aplicación do límite do importe a suma das liquidacións que resulten a cargo do suxeito pasivo nun mesmo expediente de liquidación.

### **Artigo 14. Extinción da débeda.**

1.- As débedas tributarias poderán extinguirse por pago, prescrición, compensación ou condonación en virtude de lei, e polos demais medios previstos nas leis.

2.- O pago, a compensación ou a condonación da débeda tributaria ten efectos liberatorios exclusivamente polo importe pagado, compensado ou condonado.

3.- O pago ou extinción, por calquera das formas citadas, das débedas co Concello Cambre non terá outros efectos que os sinalados no parágrafo anterior, sen que en ningún caso faga proba ou implique de ningunha forma a concesión de permisos, autorizacións ou licencias que corresponda emitir a este Concello.

### **Artigo 15. Situación de insolvencia.**

1.- Son créditos incobrables aqueles que non poden facerse efectivos no procedemento de recadación por resultar falidos os obrigados ao pago, ou por concorrer nos bens coñecidos do debedor circunstancias que os fan inembargables.

2.- Cando se declararan falidos os obrigados ao pago e os responsables, declararanse provisionalmente extinguidas as débedas, podendo ser rehabilitadas no prazo de prescrición. A débeda quedará definitivamente extinguida se non se rehabilita nese prazo.

3.- Aos efectos de rehabilitación dos créditos, cando se coñeza a súa procedencia a/o xefe da unidade de Recadación, comunicarao a unidade de Xestión tributaria para a súa incorporación ao sistema informático, entendéndose aprobados desde ese momento. A unidade de recadación viviará a posible solvencia sobrevida dos obrigados e responsables declarados falidos.

4.- Declarado falido un debedor, se non existen outros obrigados ou responsables, os créditos contra o mesmo de vencemento posterior serán dados de baixa por referencia a dita declaración, unha vez transcorrido o prazo de pago en voluntaria e efectuadas as pertinentes consultas nas bases de datos ás que ten acceso a Administración tributaria municipal.

## TITULO II. A RECADACIÓN

### CAPITULO I: NORMAS XERAIS

#### Artigo 16.- Concepto

A xestión recadatoria consiste no exercicio das funcións administrativas conducentes ao cobro das débedas tributarias e demais de dereito público

#### Artigo 17.- Obxeto

1.- A xestión recadatoria terá por obxecto o cobro dos Tributos e outros ingresos de dereito público dos que sexa titular o Concello e os Ingresos por recargas e xuros que procedan sobre os conceptos mencionados.

2.- A xestión recadatoria, e os medios para levala a cabo, non poderá aplicarse para a obtención de aqueles froitos, rendas, produtos dos bens aos que lles sexan de aplicación as regras do dereito privado.

### CAPITULO II: O PAGO

#### Artigo 18. Lexitimación, lugar e medios de pago

1.- Pode realizar o pago calquera persoa, teña ou non interese no cumprimento da obriga, xa o coñeza e o aprobe o debedor, xa o descoñeza o obrigado ao pago. O terceiro que pague a débeda non estará lexitimado para exercer diante da Administración tributaria municipal os dereitos que corresponden ao obrigado ao pago.

2.- Con carácter xeral, os pagos das débedas e sancións xestionadas pola Administración tributaria municipal realízanse nas entidades colaboradoras:

- a.- directamente;
- b.- por vía telemática, sexa a través das pasarelas de pagos das propias entidades financeiras, a través da páxina web municipal ou mediante provedores de servizos de pago seguros;
- c.- nos caixeiros das entidades que así o admitan.

3.- O pago das débedas e sancións que teñan que realizarse en efectivo poderanse facer sempre en diñeiro de curso legal. Tamén poderán realizarse mediante cheque, domiciliación bancaria, tarxetas de crédito e débito ou xiro postal.

4.- O pago poderase realizar por calquera outro medio de pago que sexa autorizado pola Alcaldía

5.- O pago mediante transferencia bancaria admitirase excepcionalmente, por razóns de eficacia ou en caso de necesidade, debidamente apreciadas polo órgano de recadación. Será requisito que o que ordene a transferencia identifique claramente a débeda obxecto do pago e o obrigado ao mesmo, debendo aportar xustificante da transferencia efectuada para rematar o procedemento recadatorio.

#### Artigo 19.- Pago mediante cheque.

1. Os pagos que se realicen nas entidades colaboradoras ou entidades que puidesen prestar o servizo de caixa, poderán efectuarse mediante cheque que deberá reunir, ademais dos requisitos esixidos pola lexislación mercantil, os seguintes:

- a) Ser nominativo a favor do Concello de Cambre, polo importe exacto da débeda ou débedas a satisfacer.
- b) Estar debidamente conformado ou certificado pola Entidade de crédito, en data e forma.
- c) Deberá expresar o nome ou denominación social do librador, que se expresará debaixo da sinatura con toda claridade.

A admisión de cheques que incumplan algún dos requisitos anteriores quedará a risco da entidade que os acepte, sen prexuízo das accións que correspondan a dita entidade contra o obrigado ao pago.

2. Non obstante, cando un cheque validamente conformado ou certificado, non poida facerse efectivo en todo ou en parte, unha vez transcorrido o período voluntario, ditarase providencia de constrinximento polo importe non pagado para o seu cobro en vía de constrinximento e será esixido á entidade que o conformou ou certificou.

3. A entrega do cheque na entidade que, no seu caso, preste o servizo de caixa liberará ao debedor polo importe satisfeito, cando se fixera efectivo. En tal caso, producirá efectos dende a data en que teña entrada en devandita entidade. Esta validará o correspondente xustificante de ingreso no que consignará a data e o importe do pago, quedando dende ese momento a entidade obrigada diante da Facenda municipal.

#### **Artigo 20. Pago mediante domiciliación bancaria.**

1.- O pago mediante domiciliación bancaria realizarase nos supostos e cos requisitos regulados neste artigo.

2.- No suposto de aprazamentos, fraccionamentos de pagos e outros ingresos distintos dos de vencemento periódico e notificación colectiva, a domiciliación bancaria deberá axustarse aos seguintes requisitos:

- a) Que o obrigado ao pago sexa titular da conta en que domicilie o pago e que dita conta estea aberta nunha entidade financeira. Non obstante o pago poderá domiciliarse nunha conta que non sexa de titularidade da persoa ou entidade obrigada, sempre que quen ostente a titularidade da mesma autorice a domiciliación.
- b) Que o obrigado ao pago comunique a súa orde de domiciliación a Administración tributaria municipal.

3.- No suposto dos tributos periódicos que son obxecto de notificación colectiva a domiciliación bancaria deberá axustarse ás condicións que se detallan de seguido:

- a) Comunicación á Administración tributaria municipal ben directamente, ben a través das entidades financeiras, neste caso as entidades comunicaran formalmente a Administración tributaria municipal para a eficacia da domiciliación. Poderá trasladarse a domiciliación a outra entidade de depósito coa comunicación á Administración tributaria municipal.
- b) As comunicacións que se presenten ata o día anterior do comezo do período de recadación establecido para cada tributo para o que se domicilia o pago terán efecto no recibo do padrón do exercicio. As efectuadas con posterioridade producirán efecto para o exercicio seguinte
- c) As domiciliacións de pago terán validez por tempo indefinido, podéndose anular en calquera momento pola persoa ou entidade obrigada. Poderán ser rexeitadas pola entidade de crédito. Perderá vixencia a domiciliación nos supostos de devolución cando así o determine a Administración tributaria municipal sen comunicación aos interesados.
- d) O pago poderá domiciliarse nunha conta que non sexa de titularidade da persoa ou entidade obrigada ao pago, sempre que o titular da conta autorice a domiciliación.

4.- Os pagos efectuados mediante domiciliación bancaria entenderanse realizados na data de cargo en conta de ditas domiciliacións, considerándose xustificante do ingreso o que para dito efecto expide a entidade de depósito onde está domiciliado o pago. Este comprobante de cargo en conta deberá recoller, como mínimo, os datos que se establezan pola Administración tributaria municipal.

#### **CAPITULO IV: APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DE DÉBEDAS**

##### **Artigo 21.- Aprazamento e fraccionamento de débedas**

1.- Poderá aprazarse ou fraccionarse o pagamento da débeda, logo do pedimento dos obrigados, cando a situación da súa tesourería, discrecionalmente apreciada pola Administración, lles impida efectuar o pagamento das súas débedas e só nos casos e na forma que se determina na presente Ordenanza e nos artigos 65 e 82 da Lei xeral tributaria e 44 e seguintes do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación (RXR).

2.- Non se concederá aprazamento ou fraccionamento de pagamento das débedas cuxo importe acumulado sexa inferior a 200 euros de principal.

3.- O fraccionamento concederase, se é o caso, por un período máximo de 12 meses, en prazos trimestrais. No caso de aprazamento o prazo máximo non excederá de 6 meses nas débedas inferiores a 500 euros e de un ano nas demais.

4.- Os pedimentos de aprazamento e fraccionamento dirixiránse ao alcalde para a súa tramitación dentro dos seguintes prazos:

- a) Para as débedas que se encontran en período voluntario de recadación dentro do prazo fixado para o ingreso voluntario ou para a presentación das correspondentes autoliquidacións.
- b) Para as débedas que se encontren en período executivo poderá pedirse en calquera momento anterior á notificación do acordo de alleamento de bens.

A presentación da solicitude non inicia o período executivo, pero si deveñan xuros de demora que pagarán xunto con cada prazo ou fracción a pagar.

5.- O pedimento de aprazamento conterá necesariamente os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos, razón social ou denominación, número de identificación fiscal e domicilio do solicitante a efectos de notificacións e no seu caso da persoa que o represente.
- b) Identificación da débeda cuxo aprazamento ou fraccionamento se solicita, indicando o seu importe, concepto e data de finalización do prazo de ingreso voluntario.
- c) Causas que motivan a solicitude de aprazamento ou fraccionamento.
- d) Proposta de pago indicando o prazo máximo solicitado.
- e) Garantía que se ofrece en caso de débedas superiores a 5.000 euros ou solicitude de dispensa de garantía nos casos que proceda.
- f) Datos da domiciliación bancaria dos pagos, con indicación do número de conta bancaria na que o Concello poderá cargar, ao seu vencemento, os pagos.
- g) Lugar, data e sinatura do solicitante.

6. Á solicitude deberase acompañar os seguintes documentos:

- a) Fotocopia do DNI do solicitante e do representante se o houbese.
- b) En caso de representante a documentación que acredite a representación.
- c) No caso de que o titular da conta sexa distinto do debedor, fotocopia do DNI do titular da conta, se é una persoa física, e do seu representante ou persoa autorizada, no seu caso.
- d) Se algunha débeda foi determinada mediante autoliquidación o documento desta, salvo que o debedor non estea obrigado a presentalas por obrar xa en poder do Concello.
- e) Cando o solicitante sexa un sucesor por falecemento do debedor, a acreditación do falecemento deste e da súa condición de sucesor.
- f) Os documentos ou xustificantes que estime oportunos en apoio do seu pedimento acreditativos das súas dificultades de tesourería e, en todo caso:
  - . No caso de persoas físicas, fotocopia completa da última declaración presentada do IRPF ou, no seu caso, certificación da Delegación da Axencia Tributaria, facendo constar que non está obrigado a presentar declaración.
  - . No caso de persoas xurídicas, fotocopia completa da última declaración presentada do Imposto de Sociedades e balance de situación e conta de resultados.
- g) Acreditación da titularidade da conta de cargo. Cando sexa de titularidade do debedor, poderá acreditarse con calquera documento emitido pola entidade de crédito no que conste no IBAN da conta, o BIC da entidade bancaria e o nome e apelidos ou razón social do titular da conta. Se o solicitante non fose o titular conforme ao disposto no artigo 20, requirírase, ademais, autorización expresa deste para que se fagan os cargos na conta da súa titularidade.
- h) A garantía que ofrece: Aval de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución.
  - . Cando se solicite a admisión de garantía diferente de aval solidario ou certificado de seguro de caución, deberá presentar tamén a documentación prevista no artigo 46.4 do RXR.
  - . Cando se solicite a dispensa total ou parcial de garantía deberá presentar a documentación prevista no artigo 46.5 do RXR.
- i) No seu caso, solicitude de compensación durante a vixencia do aprazamento ou fraccionamento cos créditos que podan recoñecerse ao seu favor durante o mesmo período de tempo.

7.- Presentada a solicitude de aprazamento ou fraccionamento, os servizos da Tesourería revisarán a documentación recibida. Se concorrese algún defecto na documentación ou se omitise a garantía ou algún dos documentos, concederáselle ao interesado un prazo de 10 días para a súa resolución, co apercibimento de que se así non o fai se procederá sen máis trámites ao arquivo da solicitude, que se terá por non presentada, coa conseguinte continuación do procedemento recadatorio.

Así mesmo, examinarán e avaliarán a situación de falta de liquidez do petionario. Cando as solicitudes presenten especial dificultade, a Tesourería poderá solicitar informe doutros servizos técnicos municipais ou da Deputación.

Se a solicitude e a documentación preceptiva non presentasen defectos ou omisións, ou estes fosen resoltos no prazo, procederáse, logo dos trámites oportunos, a ditar resolución expresa.

A resolución deberase notificar no prazo de seis meses. Transcorrido dito prazo sen que se teña feito a notificación, poderase entender desestimada a solicitude a efectos de interpoñer o recurso correspondente ou esperar a resolución expresa.

#### 8.- Das garantías:

Cando a débeda sexa superior a 5.000 euros, como norma xeral o petionario ofrecerá garantía en forma de aval solidario de entidades de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución suficiente, achegando coa solicitude ou correspondente compromiso expreso destas entidades de formalizar o aval necesario se se concede o aprazamento.

Se non lle fora posible aportar a garantía anterior poderá ofrecer algunhas das seguintes garantías:

- a) Hipoteca inmobiliaria
- b) Hipoteca mobiliaria
- c) Peñor con ou sen desprazamento
- d) Fianza persoal e solidaria
- e) Calquera outra que se estime suficiente pola administración municipal.

Non se esixirá garantía cando o petionario sexa unha Comunidade Autónoma, Organismo Autónomo ou Corporación Local.

A garantía cubrirá o importe principal, da recarga de prema se a solicitude se fixo en período executivo e dos xuros de mora, máis un 25 por 100 da suma de estas.

Tratándose de fraccionamentos, poderán achegarse as garantías parciais por cada un dos prazos.

A garantía constituída mediante aval deberá ser por termo que exceda, polo menos, en seis meses ao vencemento do prazo ou prazos concedidos.

A garantía deberá achegarse no prazo de trinta días seguintes ao da notificación do acordo de concesión, que estará condicionado a súa prestación. Este prazo poderá ser ampliado polo órgano competente para aceptar as garantías, cando se xustifique a existencia de motivos que impidan a súa formalización no devandito prazo.

Transcorridos estes prazos sen se formalizar a garantía, quedará sen efecto o acordo de concesión, coas consecuencias previstas no artigo 48.7 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación.

A suficiencia económica das garantías será examinada pola Tesourería. Cando a valoración, ofrezca especial complexidade poderá solicitar ditame dos servizos técnicos municipais ou solicitar ou asesoramento da Deputación. En caso necesario poderá, así mesmo, propor a contratación de servizos externos. Cando o xulgue necesario, a Tesourería poderá solicitar ditame sobre a suficiencia xurídica da garantía ofrecida.

As garantías serán liberadas unha vez comprobado o pagamento total da débeda garantida incluídos, se é o caso, os xuros producidos. Cada garantía parcial poderá liberarse cando se satisfixese a débeda por ela garantida.

Poderase dispensar total ou parcialmente da prestación das garantías esixíbeis cando o debedor careza de bens suficientes para garantir a débeda e a execución do seu patrimonio afectará ao mantemento da capacidade produtiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva, ou ben producira graves quebrantos para os intereses da Facenda municipal.

Concedido o aprazamento con dispensa de garantía, o beneficiario quedará obrigado durante o período a que aquel se estenda a comunicarlle á Tesourería calquera variación económica ou patrimonial que permita garantir a débeda. En tal caso procederáse a formalizar a garantía.

#### 9.- Salvo circunstancias excepcionais apreciadas polo órgano que resolva, denegaranse as seguintes solicitudes:

- a) As de reconsideración de aprazamentos resoltos segundo os presentes criterios e que non estean debidamente fundadas, tendo como única finalidade adiar o cumprimento da obriga tributaria.
- b) As presentadas por contribuíntes que incumprisen reiteradamente aprazamentos concedidos ou que non formulasen as garantías.
- c) As que correspondan a débedas cuxo importe sexa mínimo en relación coa renda dispoñíbel do petionario.
- d) As correspondentes a débedas illadas presentadas por contribuíntes que manteñen outras débedas coa facenda pública sen regularizar.



e) As presentadas con pedimento de dispensa total ou parcial de prestación de garantías por empresas que sexan inviábeis.

f) As feitas por quen ten solicitado a declaración de concurso ou estea incurso en procedemento concursal.

A inadmisión da solicitude de aprazamento ou fraccionamento implicará que a mesma se teña por non presentada a todos os efectos. Contra o acordo de inadmisión caberá a interposición de recurso de reposición.

10.- A resolución notificarase coas seguintes prevencións:

a) Se fose aprobatoria, co cálculo dos xuros e coa advertencia dos efectos que se producirán no caso de falta de pagamento, ou de non constituír a garantía no prazo legalmente establecido.

O tipo aplicable será vixente no momento da solicitude e manterase inalterable ata a total cancelación do aprazamento ou fraccionamento.

No caso de concesión de aprazamento calcularanse xuros de mora sobre a débeda aprazada, polo tempo comprendido entre o vencemento do período voluntario e o vencemento do prazo concedido.

No caso de concesión de fraccionamento calcularanse xuros de mora por cada débeda fraccionada, dende o vencemento do período voluntario ata o vencemento do prazo concedido. Os xuros sobre os que se adquirise dereito por cada fracción deberán pagarse xunto coa devandita fracción no prazo correspondente.

As resolucións aprobatorias de aprazamento sinalarán os prazos. O vencemento dos devanditos prazos levará sempre data do 5 ou 20 de cada mes a que se refiran. No caso de que o aprazamento inclúa varias débedas, sinalaranse individualmente os prazos e a contía que afecten a cada débeda.

b) Se fose denegatoria e a solicitude foi presentada en período voluntario de pagamento, coa notificación do acordo denegatorio iniciárase o prazo de ingreso regulado no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. De non producirse o ingreso no devandito prazo, comezará o período executivo e deberá iniciarse o procedemento de constrinximento nos termos do artigo 167.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

11.- Contra a resolución das peticións de aprazamento ou fraccionamento de pago, poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo de 1 mes a contar desde o seguinte á recepción da notificación da resolución. O recurso deberá resolverse en 1 mes, transcorrido o cal poderá considerarse desestimado por silencio administrativo. Contra a resolución del recurso cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, en el no prazo de 2 meses desde a notificación da resolución do recurso de reposición, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que deba considerarse desestimado por silencio administrativo.

12.- Nos aprazamentos, se chegado o vencemento do prazo concedido non se efectuara o pagamento, esixírase a débeda aprazada, os xuros que producira, e a recarga do período executivo sobre a suma de ambos conceptos, polo procedemento executivo.

De non efectuarse o pagamento, procederáse a executar a garantía para satisfacer as cantidades antes mencionadas. No caso de inexistencia ou insuficiencia desta, seguiráse o procedemento de constrinximento para a execución do débito pendente.

Nos fraccionamentos de pagamentos concedidos, se, chegado o vencemento dun calquera dos prazos, non se efectuase o pagamento, as consecuencias serán as establecidas no artigo 54.2 e 3 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación.

A execución das garantías a que se refire este artigo realizarase polo procedemento regulado no artigo 74 do Regulamento xeral de recadación.

O importe líquido obtido aplicarase ao pagamento da débeda pendente, incluídas custas e xuros de mora.

A parte sobranse será posta a disposición do garante ou de quen corresponda, unha vez liquidados e satisfeitos todos os xuros de mora producidos.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Única. Recadación doutros ingresos de dereito público.

O disposto nesta Ordenanza será de aplicación para a recadación de todos os ingresos de dereito público, incluídas as prestacións patrimoniais de carácter público non tributario previstas no artigo 20.6 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en tanto non se estableza outro réxime nas Ordenanzas que as regulen especificamente.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do seu anuncio de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.»

Cambre, 5 de outubro de 2022

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos

PD. (R.A. núm. 1323/2019, do 1 de xullo)

María Dolores Pan Lesta

2022/6321